

## CONVOCATORIA XXX CONCURSO INTERNACIONAL DE PIANO

### “CIDADE DE FERROL”

#### Bases

1.A Concellería de Cultura do Concello de Ferrol (A Coruña - Galicia – España) organiza o **XXX Concurso Internacional de Piano “Cidade de Ferrol”**, que terá lugar en Ferrol entre os días **18 e 25 de novembro** de 2016 de acordo co seguinte calendario:

- 18 de novembro :concerto inaugural: e sorteo público (orde de participación)
- 19 a 23 de novembro: primeira e segunda proba eliminatorias:
- 24 de novembro: ensaio dos 3 finalistas con Orquestra Sinfónica de Galicia:
- 25 de novembro: proba final do concurso:

2. O carácter de convocatoria pública do premio ven dado pola publicación das bases no BOP e na páxina [www.ferrol.es/piano](http://www.ferrol.es/piano)

3.- Poderán participar no concurso todas aquelas persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que teñan unha idade comprendida entre os **16 e os 35 anos** á data límite para a inscrición (31 de outubro) e que non obtiveran o primeiro premio nalgunha das súas edicións anteriores

#### 4.- Inscricións

4.1.-O prazo de inscrición comezará o día seguinte ao da publicación das bases no BOP e rematará o día **31 de outubro de 2016**.

4. 2.- O boletín de inscrición remitirase ao negociado de Cultura-Concurso de Piano “Cidade de Ferrol”, debidamente cuberto e acompañado obrigatoriamente dos seguintes documentos, que non serán devoltos en ningún caso:

- a/ Cópia do DNI ou pasaporte.
- b/ Dúas fotografías tamaño carné do participante indicando ao dorso o nome e apelidos.
- c/ Unha fotografía sobre papel fotográfico brillante con dimensións mínimas de 9x14 cm., que poderá ser reproducida no programa do concurso.
- d/ *Curriculum vitae* do candidato, mecanografado a dobre espazo, no que se recollan os seus datos persoais, estudos cursados, profesores, xiras, concertos, etc., así como detalles relativos á actividade musical do participante.

**A remisión da documentación anterior deberá realizarse ao seguinte enderezo:**

**CONCELLO DE FERROL – NEGOCIADO DE CULTURA - CONCURSO DE PIANO “CIDADE DE FERROL”**

**Praza de Armas s/n - 15402 – FERROL (ESPAÑA)**

**Tfn: +34981944180 . Fax: +34 981 945 173**

**e-mail: [concursopiano@ferrol.es](mailto:concursopiano@ferrol.es)**

4.3.- O boletín de inscrición poderá substituírse por unha **carta asinada** pola persoa interesada (**á que se lle achegarán os documentos relacionados no punto anterior**) na que faga constar:

- a/ Datos persoais: nome, apelidos, data de nacemento, nacionalidade, DNI ou nº pasaporte.
- b/ Enderezo a efecto de notificacións: rúa, código postal, cidade, país, teléfono, fax, e-mail.
- c/ Programa co que concursa: títulos e autores das obras elixidas para a primeira, segunda e terceira proba (concerto con orquestra).
- d/ Declaración acreditativa de que coñece as bases deste concurso, que está conforme con elas e acepta as decisións do xurado.

**4.4.-** As solicitudes de inscrición serán examinadas pola organización do concurso, que verificará a suficiencia da documentación aportada e determinará a súa admisión ou non, que será comunicada ao solicitante por carta certificada, correo electrónico ou fax xunto co texto íntegro das bases.

#### **5.- Xurado**

O xurado será nomeado por resolución do concelleiro delegado competente e estará formado por unha presidencia técnica e catro vogais, todos eles músicos de recoñecido prestixio, con voz e voto; unha presidencia institucional con funcións representativas e un/unha secretario/a funcionario/a do negociado de Cultura, que actuarán con voz e sen voto.

A composición do xurado darase a coñecer na páxina web [www.ferrol.es/piano](http://www.ferrol.es/piano) co fin de que se poidan interpor, no seu caso, os recursos legais pertinentes.

As decisións do xurado publicaranse na páxina web [www.ferrol.es/piano](http://www.ferrol.es/piano).

#### **6.- Dereitos de gravación e difusión**

O Concurso Internacional de Piano “Cidade de Ferrol” resérvase todos os dereitos de radiodifusión, gravación e emisión por televisión das diferentes probas do concurso, así como os dereitos de gravación fonográfica, edición de discos, DVD ou vídeos do concurso.

#### **7.- Premios**

O xurado do Concurso Internacional de Piano “Cidade de Ferrol”, poderá outorgar os seguintes premios:

- **Primeiro Premio: diploma e 12.000 €**
- **Segundo Premio: Diploma e 6.500 €**
- **Terceiro Premio: Diploma e 4.000 €**
- **Premio ao mellor intérprete de música española: Diploma e 2.000 €**
- **Premio “Gregorio Baudot” ao mellor intérprete galego: Diploma e 1000 €.**

*Estas cantidades están suxeitas ás retencións legais que lles sexan aplicables.*

#### **8.- Probas do concurso**

**8.1.-**As probas do concurso consistirán en dúas eliminatorias e unha proba final, todas elas de carácter público e coas seguintes características:

a/ **Primeira proba eliminatoria.** Duración máxima, **35** minutos. Interpretación dun programa de libre elección que inclúa:

\* Un preludio e fuga de *O clavecín ben temperado*, de J. S. Bach.

\*Un estudo a elixir entre os de: Chopin, Liszt, Scriabin, Rachmaninov, Debussy ou Ligeti.

b/ **Segunda proba eliminatoria.** Duración máxima, **50** minutos.

Recital de libre elección, no cal deberá incluír unha obra, a elixir, entre os seguintes compositores españois:

**Albéniz:** Unha obra de "Iberia", Navarra ou LaVega.

**Granados:** Unha obra de Goyescas ou El Pelele.

**Falla:** Fantasía Bética ou 4 Piezas Españolas.

Non se admitirán obras interpretadas na primeira proba.

c/ **Proba final con orquestra.** Os concursantes actuarán acompañados pola **Orquestra Sinfónica de Galicia**.

Os concursantes interpretarán un concerto con orquestra que se elixirá entre os seguintes:

- \*W. A. Mozart: KV 466 en re menor
- \*W. A. Mozart: KV 488 en la maior
- \*Beethoven: nº 3, 4 y 5
- \*R. Schumann: Op.54 la menor
- \*F. Chopin: nº 1 e 2
- \*F. Liszt: nº 1 e 2
- \*P. I. Tchaikovsky: nº 1
- \*Rachmaninov: nº 2 e 3
- \*S. Prokofiev: nº 1 e 3
- \*M. Ravel: Concerto en Sol maior

**8.2.-** A orde de participación dos concursantes nas probas decidírase mediante sorteo público que se realizará o día 18 de novembro. A hora do sorteo así como o seu resultado, serán publicados na páxina web [www.ferrol.es/piano](http://www.ferrol.es/piano). A falta de asistencia dos concursantes ao sorteo exime á organización de toda responsabilidade, sendo os concursantes os que terán que interesarse pola súa orde de participación.

A orde resultante do sorteo non poderá ser modificada, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e previa apreciación dela por parte do xurado, con excepción da última proba con orquestra, sobre a que o xurado si se reserva o dereito a modificar a devandita orde.

**8.3.-** En todas as probas as obras interpretaranse de memoria.

**8.4.-** Todas as probas serán públicas e retransmitidas en directo a través da Internet

**8.5.-** En ningún caso se admitirán cambios no repertorio elixido.

**8.6.-** O ditame do xurado será inapelable en todos os casos.

**9.-** A inscrición no Concurso Internacional de Piano “Cidade de Ferrol” implica, obrigatoriamente, a aceptación íntegra de todos os extremos contidos nestas bases .

**10.-** Para a resolución de posibles dúbidas ou erros nas versións traducidas das bases, considérase como texto oficial o redactado en galego.

**11.-** A organización do concurso poderá resolver todas aquelas situacións non contempladas nas presentes bases.

Ferrol, 15 de mazo de 2016

O concelleiro delegado de Cultura

Jesús Basterrechea López